

SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DE VIGO E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE COMUNICACIÓN CUÁNTICA DENTRO DOS PLANS COMPLEMENTARIOS DE I+D+I DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU.

En Santiago de Compostela a 24 de xuño de 2025

REUNIDOS

ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nomeado para este cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG Núm. 73, do 14 de abril), actuando no exercicio das facultades que ten atribuídas polo artigo 34 da lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia e polo decreto 138/2024, de 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional; e presidente da Axencia Galega de Innovación (en adiante, GAIN), en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, de 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

CARMEN COTELO QUEIJO, Presidenta do Padroado da Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (en adiante, Fundación CESGA), actuando en nome e representación desta entidade, en virtude do disposto no artigo 12 da Modificación de Estatutos da Fundación, segundo consta en escritura outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia Manuel Remuñán López, o día 11 de xullo de 2013 co número 1263 do seu protocolo e rexistrada no Rexistro de Fundacións de Interese Galego o 6 de agosto de 2013.

ANTONIO LÓPEZ DÍAZ, Reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC), que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, de 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, de 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario

e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

MANUEL REIGOSA ROGER, Reitor magnífico da Universidade de Vigo (en adiante UVIGO) que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 110/2022, de 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 117, de 20 de xuño de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo.

RICARDO JOSÉ CAO ABAD, Reitor magnífico da Universidade da Coruña (en adiante UDC), que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 1/2024 de 11 de xaneiro de 2024, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro de 2024, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 101/2004, de 13 de maio modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de Outubro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

Que as partes que interveñen subscribiron, con data 29 de xuño de 2022, un convenio co obxecto de establecer as condicións de participación da Fundación CESGA, a USC, a UVIGO, e a UDC no programa complementario de Comunicación Cuántica concedido á Comunidade Autónoma de Galicia polo MICIN conforme ao establecido no Acordo do Consejo de Política Científica, Tecnológica y de Innovación (CPCTI) do 8 de novembro de 2021, no Real Decreto 991/2021, de 16 de novembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións ás Comunidades Autónomas para financiar a realización de catro programas para a implementación dos Plans Complementarios de I+D+I coas comunidades autónomas, que forman parte do compoñente 17 do do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) e na Orde da Ministra de Ciencia e Innovación do 22 de decembro 2021 pola que se concede á Comunidade Autónoma de Galicia a subvención prevista no citado Real Decreto. Este convenio regula a xestión dos fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (6,2M€).

Que no citado convenio, adendado o 3 de maio de 2023, establececese que a data límite de finalización do programa de Comunicación Cuántica será o 29 de setembro de 2025, de conformidade co sinalado no Real Decreto 633/2022, de 26 de xullo, no que se indica que o programa deberá finalizar antes do 30 de setembro de 2025.

Que o Real Decreto 1181/2024, do 28 de novembro, publicado no BOE nº 288 do 29/11/2024, establece que o programa deberá de finalizar antes do 31 de decembro de 2025 modificando así a data do 30 de setembro de 2025 establecida no citado Real Decreto 633/2022.

Que atendendo ao desenvolvemento das actuacións do programa e ao disposto no Real Decreto 1181/2024, a comisión de seguimento e coordinación do convenio na súa reunión do 25 de febreiro de 2025 propuxo adendar o convenio para ampliar o seu prazo de execución ata o 26 de decembro de 2025.

Así mesmo, para evitar e minimizar os reintegros ao Estado dos importes do MRR non executados, a comisión de seguimento e coordinación tamén propuxo adendar o convenio para recuperar os fondos non executados das anualidades 2022, 2023 e 2024 incorporándoos aos créditos do convenio para a anualidade 2025, todo elo sen alterar o obxecto nin o orzamento total do mesmo.

Polo exposto, as partes:

ACORDAN

Primeiro.-

Formalizar a presente addenda ao convenio do 29 de xuño de 2022 para ampliar o seu prazo de execución ata o 26 de decembro de 2025 e recuperar os fondos non executados das anualidades 2022, 2023 e 2024 incorporándoos aos créditos da anualidade 2025. A tal fin modifícanse as cláusulas segunda (táboa), sexta (punto 9, apartados b) e e)), sétima (táboa) e décimo quinta, nas que se fai referencia a distribución anual da achega de GAIN, ao calendario de execución do investimento, aos prazos de presentación da documentación xustificativa e a vixencia, sen ningunha outra modificación e sen alterar o obxecto nin o orzamento total do convenio.

Segundo.-

Modificar as cláusulas segunda (táboa), sexta (punto 9, apartados b) e e)), sétima (táboa) e décimo quinta do convenio, que quedan redactados da seguinte forma:

“SEGUNDA.- Achega de GAIN con fondos MRR

A táboa da cláusula segunda modifícase da seguinte forma:

Tipo de Fondos	Entidade	Aplicación Orzamentaria		Importes executados 2022-2024 (1)	Importes non executados 2022-2024	Importe inicial 2025	Importe final 2025 (2)	Total 2022-2025 (1+2)
MRR código proxecto 2022-004	CESGA	07.A2.561A.743.05	Ano 2022	0,00 €	0,00 €		Importe inicial 2025 + Importes non executados 2022-2024	
			Ano 2023	36.214,00 €	0,00 €			
			Ano 2024	220.315,56 €	120,44 €			
			Total	256.529,56 €	120,44 €	735.227,00 €	735.347,44 €	991.877,00 €
	USC	07.A2.561A.744.0	Ano 2022	10.146,25 €	1.521,94 €		Importe inicial 2025 + Importes non executados 2022-2024	
			Ano 2023	69.817,81 €	613,43 €			
			Ano 2024	117.353,59 €	867,89 €			
			Total	197.317,65 €	3.003,26 €	15.346,09 €	18.349,35 €	215.667,00 €
	UVIGO	07.A2.561A.744.0	Ano 2022	25.193,22 €	0,00 €		Importe inicial 2025 + Importes non executados 2022-2024	
			Ano 2023	798.977,14 €	0,00 €			
			Ano 2024	1.345.844,62 €	0,00 €			
			Total	2.170.014,98 €	0,00 €	2.784.186,02 €	2.784.186,02 €	4.954.201,00 €
	UDC	07.A2.561A.744.0	Ano 2022	0,00 €	0,00 €		Importe inicial 2025 + Importes non executados 2022-2024	
			Ano 2023	0,00 €	0,00 €			
			Ano 2024	16.273,70 €	5882,94 €			
			Total	16.273,70 €	5.882,94 €	27.002,36 €	32.885,30 €	49.159,00 €
	TOTAL MRR		Ano 2022	35.339,47 €	1.521,94 €			
			Ano 2023	905.008,95 €	613,43 €			
			Ano 2024	1.699.787,47 €	6.871,27 €			
			Total	2.640.135,89 €	9.006,64 €	3.561.761,47 €	3.570.768,11 €	6.210.904,00 €

SEXTA.- Xustificación

Os apartados b) e e) do punto 9 da cláusula sexta modifícanse da seguinte forma:

b) Declaración asinada polo responsable de recursos humanos cos importes mensuais de retencións do IRPF dos traballadores dedicados ás actividades do programa, acompañada dos modelos 111 e dos seus correspondentes xustificantes bancarios. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación prevista no

convenio para os anos 2022, 2023 e 2024, o importe considerárase xustificado coa presentación da citada declaración quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario lle corresponda liquidar eses gastos. Para o ano 2025, a data límite de execución (realización de gastos e pagos) será o 26 de decembro de 2025, conforme ao indicado na cláusula seguinte.

e) Boletíns de cotización á Seguridade Social e os seus xustificantes de pagamento. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación para os anos 2022, 2023 e 2024, as entidades quedarán obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario lle corresponda liquidar eses gastos. Para o ano 2025, a data límite de execución (realización de gastos e pagos) será o 26 de decembro de 2025, conforme ao indicado na cláusula seguinte.

SÉTIMA.- Prazos de realización de gastos/pagamentos e de xustificación da axuda

A táboa da cláusula sétima modifícase da seguinte forma:

ORZAMENTO TOTAL ELIXIBLE /AXUDA GAIN	ANO 2022	ANO 2023	ANO 2024	ANO 2025	TOTAL
	IMPORTES EXECUTADOS				
Fundación CESGA	0,00 €	36.214,00 €	220.315,56	735.347,44 €	991.877,00 €
USC	10.146,25 €	69.817,81 €	117.353,59 €	18.349,35 €	215.667,00 €
UVIGO	25.193,22 €	798.977,14 €	1.345.844,62 €	2.784.186,02 €	4.954.201,00 €
UDC	0,00 €	0,00 €	16.273,70 €	32.885,30 €	49.159,00 €
TOTAL	35.339,47 €	905.008,95 €	1.699.787,47 €	3.570.768,11 €	6.210.904,00 €
Período de realización de gastos e pagos	01/01/2022 - 30/11/2022	01/12/2022 - 31/10/2023	01/11/2023 - 31/10/2024	01/11/2024 - 26/12/2025	
Data límite presentación documentación xustificativa	12/12/2022	10/11/2023	10/11/2024	26/12/2025	

DÉCIMO QUINTA .- Vixencia

A cláusula décimo quinta modifícase da seguinte forma:

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que o período para a realización das actividades obxecto de mesmo sexa do 1 de xaneiro de 2022 ao 26 de decembro de 2025, como se indica na cláusula sétima.”

E en proba de conformidade, asinan electronicamente a presente Addenda, na data indicada na marxe.

Pola Axencia Galega de Innovación
Román Rodríguez González

Pola Fundación CESGA
Carmen Cotelo Queijo

Pola Universidade de Santiago de Compostela
Antonio López Díaz

Pola Universidade de Vigo
Manuel Reigosa Roger

Pola Universidade da Coruña
Ricardo Cao Abad